

# ENCORDASS

~ FIDDLE FEST ~

3 DE XULLO 2022

ILLA DE SAN SIMÓN  
RÍA DE VIGO

asociación cultural  
**GALICIA**  
FIDDLE





# ÍNDICE

O festival	3
Os obxectivos	4
A organización	5
As orixes	6
O espazo	7
Actividades	8
Edicións anteriores	9
Encordass Fiddle Fest 2022	10
Artistas	11
Patrocinio	22
Contacto	23



# O festival

---

Encordass Fiddle Fest é o único festival da península especializado na música de corda. Co violín como fío condutor, explora as conexións da música popular e de raíz en diferentes culturas, fusionando artistas internacionais coa música galega nun espazo natural tan especial como é a Illa de San Simón.

As características do entorno e a singularidade do seu plantexamento, fan do festival un evento de ocio de referencia, que fomenta valores como a diversidade, a multiculturalidade, o patrimonio inmaterial da música popular e o respecto pola natureza e o entorno.

Este proxecto reivindica a música como catalizadora do entendemento e do encontro entre culturas, buscando sempre un nexo con outras rexións que contan con instrumentos de corda na súa música popular, o que supón unha experiencia enriquecedora a nivel persoal e colectivo.

É un evento que acerca o violín ao público, desmontando o tópico social que o asocia coa dificultade técnica e lle otorga un aura inalcanzable para a maioría, relegando este instrumento á esfera formal da música clásica.

O Encordass Fiddle Fest chega para demostrar que o violín é un instrumento accesible, plural, versátil, divertido, festeiro e, por suposto, festivaleiro!



# Os obxectivos



- Promoción e difusión da música galega
- Difusión dos instrumentos de corda na música popular
- Oferta musical alternativa e de calidade
- Achega de músicas de outras culturas
- Apoio ás bandas emerxentes

- Posta en valor do patrimonio inmaterial
- Aposta por marcas galegas
- Dinamización do turismo na illa de San Simón
- Dinamización do turismo nas Rías Baixas

- Coñecemento e respecto do entorno natural
- Fomentar a sostibilidade mediante a separación e minización de residuos
- Aposta por produtos ecolóxicos
- Fomento do consumo de proximidade



# A organización

Dende a asociación cultural Galicia Fiddle, traballamos co principal obxectivo de promover o uso dos instrumentos de corda no ámbito da música tradicional. Esta labor susténtase grazas á paixón, o esforzó e a dedicación que de forma altruista volcaron neste proxecto docentes, profesionais da educación non formal e voluntarios afíns ao mundo musical.

Dende os seus inicios, a asociación organiza eventos educativos e culturais de gran importancia para a aprendizaxe e o fomento da nosa música, apostando por métodos de ensino alternativos: o San Simón Fiddle, campamento infantil e xuvenil para instrumentistas de corda. e Encordass, encontro musical para adultos aberto tanto a músicos profesionais como amateurs.

Ao longo destes anos, Galicia Fiddle leva a cabo numerosos cursos e obradoiros, nos que tivemos a sorte de contar co apoio de artistas da esfera folk da talla de Alasdair Frasier, Darol Anger, Hanneke Cassel ou akejfakds, entre outros, que colaboraron co noso proxecto favorecendo de esta forma a súa repercusión e difusión a nivel internacional.

Tras dez anos en activo, logramos impulsar a creación dunha nova xeración de violinistas. Algúns deles xa son músicos profesionais e forman parte do panorama musical galego actual. Fruto deste traballo nace a Galicia Fiddle Orquestra, que chegou a participar no congreso NAFCO 2018 en Aberdeen, e en eventos como Músicas de Sofá, Festival de Pardiñas ou Foliada da Fonsagrada.



# As orixes

---

Durante o primeiro fin de semana de xullo e paralelamente ao Encordass Fest, celébrase na Illa de San Simón o encontro musical Encordass. Con sete edicións realizadas, se consolida como un evento cultural imprescindible e único na Península.

Encordass aglutina actividades musicais e culturais, acercándose cada ano á música dunha rexión que conta con instrumentos de corda no seu repertorio tradicional. Exemplos de edición pasadas son India, China, México, países do Leste Europeo, países Árabes ou Italia. Neste encontro, músicos profesionais e amateurs participan de aulas e obradoiros, talleres de baile popular, foliadas e gastronomía tradicional.

Debido ao éxito do formato, surxe a necesidade de compartir os resultados deste fermoso traballo, e chega así a Noite Encordass. Este evento aberto ao público consiste nunha cea degustación de pratos típicos da rexión á que está adicada cada edición, acompañada dun concerto ofrecido polos artistas invitados.

A inevitable evolución deste proxecto desemboca no nacemento do Encordass Fiddle Fest, creando así un evento de gran formato que posibilita compartir esta experiencia musical e cultural, e brinda ao público a oportunidade de conectar con dfgadfasd nun espazo natural íntimo e espectacular.



# O espazo

---

O arquipélago de San Simón sitúase na Enseada de San Simón, na Ría de Vigo, e está formado por dúas illas: San Simón e San Antón, unidas por unha ponte, e dous islotes menores: San Bartolomé e San Norberto. O arquipélago pertence á parroquia de Cesantes, no municipio de Redondela, e a súa explotación é xestionada pola Xunta de Galicia, destinándose á celebración de eventos culturais durante todo o ano.

O espazo onde se desenvolve Encordass Fiddle Fest, que suma o conxunto das illas de San Simón e San Antón, consta de 21.000 m<sup>2</sup>.

Instalarase múltiples escenarios: o escenario principal no Campo das Alocucións, e ata cinco pequenos escenarios nas localizacións máis fermosas da illa, onde terán lugar pequenos concertos simultáneos nun formato íntimo e acústico. Tamén contaremos cun área de restauración, unha barra de bebidas central e outra no escenario principal, así coma postos de produtos ecolóxicos.

O acceso ao festival realízase desde o pantalán de Meirande (Rande), que conta cun amplo aparcamento dispoñible para o público.



# Actividades

## MÚSICA

Múltiples escenarios, concertos de artistas galegos e internacionais, música popular de todo o mundo

## GASTRONOMÍA

Showcooking e degustacións, xunto a unha oferta gastronómica variada, de calidade e para todos, con opcións veganas e sen glute

## CULTURA

Demostracións de baile popular, obradoiros de luthería, faladoiros

## TURISMO

Visitas guiadas á Illa de San Simón e viaxe en barco pola Ría de Vigo, como non podía ser de outra forma aderezadas con moita música.

## SOSTIBILIDADE

Venda de produtos bio e ecolóxicos, apoiando á concienciación sobre o consumo responsable e saudable



# ENCORDASS FEST

Especial Italia

2021

**ENCORDASS FEST**  
NA ILA DE SAN SIMÓN  
MÚSICA, NATUREZA E ENOTURISMO

**RÉMY & VINCENT BONIFACE**  
Val De Aosta VIOLÍN & DIATÓNICO

**ANXO PINTOS & BEGOÑA RIOBÓ**  
Galicia ZANFONA & VIOIÍN

**I. AMISANO & F. BUSO**  
Piamonte ZANFONA & DIATÓNICO

**SERGIO CAPUTO**  
Italia VIOLÍN

**LUIS PEIXOTO**  
Portugal BAMDOLIM

**MARTA ROMA**  
Cataluña VIOLONCELLO

**CLAUDIA ABRIL - LIVIA TARUFFI**  
Galicia - Italia CANTO

**ORQUESTRA DE CORDA ENCORDASS**

**DOMINGO 4 DE XULLO**

BARCO | VISITA GUIADA | DEGUSTACIÓN DE VIÑO  
MICRO-CONCERTOS | FESTIVAL GALICIA & ITALIA

TERRAS GAUDA  
CIVICO DE BENDINELA  
CONCELLO DE VIGO  
DEPUTACIÓN DE OURENSE  
AJUNTAMENT DE GALICIA  
Reserva a tua entrada  
www.eventbrices

GALICIA FIDDLE  
CERVEZAS ALHAMBRA

Rémy Boniface (Val de Aosta)  
Vincent Boniface (Val de Aosta)  
Livia Taruffi (Roma)  
Claudia Abril (Galicia)  
Francesco Busso (Piamonte)  
Begoña Riobó (Galicia)  
Anxo Pintos (Galicia)  
Sergio Caputo (San Remo)  
Ilio Amisano (Piamonte)  
Marta Roma (Cataluña)



# ENCORDASS FEST

## Especial Brasil

2022



3 DE JULIO  
ESPECIAL BRASIL  
2022

ILLA DE SAN SIMÓN  
RÍA DE VIGO

**ENCORDASS**  
~ FIDDLE FEST ~

RICARDO HERZ & VANILLE GOOVAERTS | PÄRBO | ALFONSO FRANCO & NEIL PEARLMAN  
CLAUDIA ABRIL TRIO | MARTA ROMA | FILPO RIBEIRO & ALISSON LIMA | CALDO  
MAURICIO CARUSO | BRAZIL LOVE AFFAIR | ORQUESTA ENCORDASS

**GALICIA**  
FIDDLE

RESERVA a túa entrada eventbrite.es

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CONCELLO DE VIGO

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Facultade de Comunicación Universidade de Vigo

CERVEZAS ALHAMBRA

CIPOCO DE BENDIOLA

TERRAS GALEGA

Varela's

Avega

Filpo Ribeiro (São Paulo)  
Alisson Lima (São Paulo)  
Ricardo Herz & Vanille Goovaerts  
(São Paulo - Francia)  
Pärbo (Galicia)  
Brazil Love Affair (Brasil - Galicia)  
Claudia Abril Trio (Galicia)  
Marta Roma (Cataluña)  
Mauricio Caruso (Brasil)  
Caldo (Galicia)  
Marta Roma (Catalunya)  
Alfonso Franco & Neil Pearlman  
(Galicia - USA)



# Filpo Ribeiro

Intérprete multiinstrumentista, cantante, luthier, produtor, investigador e divulgador musical.

Participa na creación dos grupos Jovens Fandangueiros do Itacuruçá e Pé de Mulambo, reunindo composicións propias e temas tradicionais relacionados co universo da rabeça brasileira e da viola de dez cordas. Con este último grava “Segura Essa Munganga aí, Menino!” (2011), premiado pola Secretaria de Estado da Cultura, e “Giro Solto” (2013), finalista dos Premios da Música Brasileira na categoría “Mellor grupo - música rexional”.

En 2014 forma o grupo Filpo Ribeiro e a Feira do Rolo, ofrecendo concertos e obradoiros ligados ao forró e á cultura popular. Con Filpo e a Feira lanza o disco “Contos de beira d’água” (2017).

En 2018 e 2019 desenvolve presentacións, gravacións e obradoiros en diversas cidades de Xapón, co maestro Michio O'Hara (cravo), divulgando a música da rabeça, desde a tradición medieval ata a súa presenza na música brasileira.

Participa en concertos e gravacións con artistas como Sebastião Bianco, Oswaldinho do Acordeon, Nelson da Rabeça, Naná Vasconcelos, Mestre Luiz Paixão, Zeca Baleiro, Siba, Ná Ozzetti, Ceumar, Comadre Fulozinha, Banda de Pífanos de Caruaru, Cia Cabelo de Maria, Tião Carvalho, Socorro Lira, Di Freitas e Kátya Teixeira.

En 2019 é nominado ao Premio Grão de Música e en 2020 se lle otorga o Premio Inezita Barroso, promovido pola Comisión de Educación e Cultura de São Paulo.







# Alisson Lima

Músico e bailarín nado en Recife, con formación en manifestacións populares de Pernambuco: frevo, cavalo-marinho, coco, maracatu, caboclinho e capoeira.

Chega a São Paulo en 2011, e ao ano seguinte recibe unha invitación para formar parte da Compañía de Danza de Antonio Nóbrega, coa que continúa traballando na actualidade como músico e bailarín. Integra a banda do multiinstrumentista Zé Pitoco, do violinista Nicolas Krassik, é percusionista do grupo Filpo e a Feira e acompaña ao músico e compositor Danilo Moraes no proxecto Forró Picadinho.

Desenvolveu catro obras en solitario, baseadas no universo das manifestacións populares brasileiras: "Invisível aos Olhos" (2015), "Unairi" (2017), " Ei! Quem é que che empurra?" (2018) e "Na Medida do Possível" (2020). Subcampión (2010) e campión (2011) no Concurso de Passista de Frevo de Recife, recibiu o premio ao mellor bailarín solista no Festival Internacional de Danza Encut (2013).

Foi profesor da Escola Municipal de Frevo de Recife e actualmente ensina bailes populares brasileiros no Instituto Brincante. Tamén impartiu cursos de frevo, capoeira e danzas brasileiras en universidades e centros culturais nacionais e internacionais. Formou parte do xurado de numerosos concursos e festivais de danza en Brasil.

Durante o ano 2020, traballou na elaboración da coreografía e preparación do corpo de ballet da Apertura do Entroido de Recife, participou na 6ª Mostra Cultural de Mangue e concebiu o espectáculo "Dançante" en colaboración co bailarín Antônio Meira.

En 2021, Alisson Lima foi premiado polo seu espectáculo "Ei! Quem é que che empurra?", polo ProAC Expresso LAB 37.



# Ricardo Herz & Vanille Goovaerts

Dúo compuesto por la francesa Vanille Goovaerts (violín, rabeca y voz) y el brasileño Ricardo Herz (violín y rabeca). En el espectáculo los dos tocan un repertorio que combina composiciones propias y clásicos del choro, vals francés, forró, el xote y mucho más, alternando entre violines, rabecas y canto. Es un espectáculo vibrante, lleno de ritmo, improvisación y lirismo.

La violinista y rabequeira francesa Vanille Goovaerts es licenciada en jazz por el conservatorio de Chambéry (Francia) y ha participado en festivales de jazz como Off Jazz à Vienne o Voiron Jazz Festival. Durante dos años consecutivos, gana el concurso de improvisación de danza/música de ViF (Francia).

Apasionada por el forró, que la lleva a viajar por el nordeste de Brasil desde 2018, comienza a aprender rabeca con el maestro Luiz Paixão e investiga la música brasileña con los músicos de Olinda. Expresar y compartir es lo que busca Vanille en la música, siendo estas las motivaciones que la llevan a zambullirse en la música brasileña.

Actualmente Vanille reside en São Paulo, donde estudia música brasileña con músicos populares como Ricardo Herz y Fábio Peron. En su obra autoral, podemos escuchar todas sus influencias musicales. Este dúo con Ricardo Herz le permite expresar su pasión por el violín y la rabeca, habiendo encontrado en Herz un compañero con una sensibilidad musical extremadamente compatible.





Ricardo Herz reinventó el violín. Su técnica aporta al instrumento el sonido del acordeón, el estruendo de la rabeca y las bellas melodías del choro tradicional y moderno. Graduado en violín clásico en la Universidad de São Paulo, recibe también formación en jazz en el prestigioso Berklee College of Music de Boston y en el Centre des Musiques de la mano de Didier Lockwood, una leyenda del violín jazz.

De vuelta a Brasil, Herz gana el premio del jurado popular en el Premio Visa de Música Brasileña en 2004. Desde entonces, ha actuado con artistas de gran talento como Yamandu Costa, Hamilton de Holanda y la leyenda del forró Dominguinhos. El repertorio de Herz es extremadamente rico en melodías instrumentales brasileñas y abarca desde los ritmos nordestinos hasta el choro, la samba y sus múltiples variables.

Ricardo también ha dedicado parte de su tiempo a la enseñanza y difusión del violín popular, habiendo impartido varios cursos en festivales y lanzando recientemente el primer método online de violín popular brasileño.

Ha publicado diez álbumes: dos en solitario, dos con Ricardo Herz Trio y varios en dúo con músicos como el vibrafonista Antonio Loureiro, con Samuca do Acordeon, con el pianista, director y arreglista Nelson Ayres y con Yamandú Costa. En 2019, Ricardo estrenó su décimo trabajo: Nova Música Brasileira para Cordas, con la orquesta de cuerdas femenina cubana Camerata Romeu.







# Pärbo

Logo de traballar e colaborar de xeito ocasional en diversas formacións, na primavera de 2019 comezan a pescudar un repertorio no que aliar unha bagaxe que camiña co centro de gravidade ben asentado na música patrimonial de Galicia. Isto, a Begoña Riobó e a Anxo Pintos, non lles impide buscar tratamentos e facer procuras osmóticas noutras leiras estéticas para asinaren acabados sonoros de dixestión contemporánea. Violín, arpa céltica e voz soan da man de Riobó. Zanfona e 2o violín de Pintos. Os seus nomes aportan tamén as letras nutricias da palabra que os identifica. PÄRBO escríbese con P de Pintos, A de Anxo... e máis o R, B, O de RioBÓ, BegOña. PÄRBO, un par bo, un bo par... un nome que leva o tattoo da diérese gravado na pel dual deste grupo no que as músicas grandes da tradición destílanse con paixón cun parvo número de instrumentos.

Entre os concertos figuran o da cerimonia inaugural da conferencia mundial do Atún en Vigo no auditorio Abanca en setembro de 2019, o da Igrexa de Bonaval en Compostela, dentro do Tradfest en xullo de 2020, Auditorio do C.C. Abanca para a Universidade de Vigo en xuño de 2021, Festival Música no Claustro de Tui, Día de Galicia para o Concello de Vigo, e Xornada da zanfona para o Concello de Lugo.

PÄRBO, vén de completar entre xullo e decembro de 2021 unha xira de cinco concertos pola Illa de Gran Canaria junto a Olga Cerpa e Mestisay baixo o nome de Músicas en el Camino, onde se xuntaron as dúas correntes musicais atlánticas no camiño de Santiago oficial existente na illa.

**Begoña Riobó** estudou Arpa Céltica con Rodrigo Romaní, violín clásico con Natalia Soltan e Armando Toledo, zanfona con Anxo Pintos e violín folk con Alfonso Franco e Jacky Molard.

Licenciada en Historia da Arte, especializada nos itinerarios de música e arte contemporánea. É unha violinista de referencia no panorama folk galego. No eido da música, comeza a súa andaina profesional no ano 2000. Formou parte da banda de "Carlos Núñez" durante sete anos, experiencia que a levou a gravar 4 traballos discográficos "Almas de Fisterra" (Sony 2003),





“Carlos Nuñez e Amigos” (Sony 2004), (Premio da Música ó mellor disco de música tradicional 2005). “Cinema do mar” (Sony 2005), e “Nuit Celtique II” DVD en directo no Stade de France (2003); e a pisar teatros e festivais ao longo e ancho dos cinco continentes tocando coas primeiras figuras do panorama folk, entre os que cabe citar a Noa, The Chieftains, Dan Ar Braz, Sharon Shanon, Solas, etc.

Foi membro fundador do grupo “Irtio” obtendo o 1o premio no Concurso de Música Folk “Xacobeo’99” e con quen gravou o seu 1o CD “Mar de Pedra” (Discmedi 2002).

Forma parte da sección de violíns da Orquesta Folk de Galicia “SondeSeu” con quen gravou “Mar de Vigo”, “Trastempo”, “Barlovento”, “Danzas Brancas” e “Beiralúa”.

Foi colaboradora habitual nos directos do trío “Lizgairo” e dos gaiteros: “Anxo Lorenzo”, “Susana Seivane” e “Xosé Manuel Budiño” entre outros. Liderou ata o 2017 a súa propia formación: “Riobó”, coa que ten editada dous traballos discográficos: “Riobó” (Zouma 2011) e “Quiral” no 2015.

Imparte cursos volcados no ensino do violín no eido da música tradicional como o curso do Festcat en Girona (2011), e o “Crisol de Cuerda” dende o ano 2011 ata hoxe, o único Fiddle Camp que Alasdair Fraser e Natalie Hass organizan en España.

Foi mestra tamén no 2018 no “Skye Trad Strings”, campamento que organiza Alasdair Fraser na Illa de Skye (Escocia), nas dúas edicións do Barcelona Fiddle Congress, ou no San Simón Fiddle, o campamento de verán organizado pola asociación Galicia Fiddle en todas as súas edicións, incluída a de 2021. En agosto de 2019 foi mestra de violín Folk no “Valley of the Moon Fiddle Camp” de California (EUA), que dirixe Alasdair Fraser. Tamén na edición de 2021 de xeito telemático.

É mestra de Arpa Céltica, Conxunto Instrumental, Etnomusicoloxía, Aula Aberta de Arpa e Práctica Orquestral na Escola Municipal de Música Folk e Tradicional de Vigo ETRAD e coordinadora da sección de violíns da Orquesta Folk SonDeSeu.



**Anxo Pintos** é músico multiinstrumentista e compositor. Comezou os seus estudos musicais aos 8 anos, dacabalo do Conservatorio Superior de Música de Vigo, do seu pai Suso Pereira e do Obradorio de Instrumentos Musicais Populares Galegos que dirixía Antón Corral, chegando a incluír na nómina dos instrumentos que toca a gaita, zanfona, violín, saxo soprano e frauta de bico.

Cofundador do grupo de gaitas "Alfolíes", do Grupo Didáctico de Instrumentos Musicais Populares Galegos, da Banda de Gaitas "Xarabal", do grupo "Matto Congrio", co que gravou o seu único traballo en 1991.

Fundador de "Berrogüetto" en 1995 con quen gravou 5 discos: "Navicularia"(1996), "Viaxe por Urticaria" (1998), "HEPTA" (2001), "10.0" (2006) e "Kosmogonías"(2010). Fundou o trío "Lizgairo" xunto a Rodrigo Romaní e Xosé Liz, gravando "Diacronías" en 2009. Recibiu numerosos premios entre os que destacan o premio da crítica de Alemaña ao mellor álbum folk 1996 e 2001. Premio ao mellor grupo folk europeo (1997). Unha nominación aos Grammy Latinos (2002). Premio Opinión ao mellor disco galego do ano con Berrogüetto (2002), Lizgairo (2009) e SondeSeu (2011). Premio da Academia á mellor canción en galego no ano 2011 con Berrogüetto. Premio da Música "Martín Códax" a mellor grupo folk 2013. Premio da Crítica de Galicia de música 2014. Premio Mestre Mateo 2014 á mellor banda sonora. Premio Andaina Senlleira de "La Opinión" 2015. Participa no CD "Sing Me Home" de Yo-Yo Ma e a Silk Road Ensemble que levou o GRAMMY a mellor disco de World Music do 2017.

Compositor de numerosas pezas instrumentais, algunhas delas forman parte do repertorio de bandas tanto nacionais coma internacionais. Ten colaborado con músicos e grupos entre os que cabe citar a: Milladoiro, The Chieftains, Los Piratas, Rodrigo Romaní, Susa- na Seivane, Mercedes Peón, Uxía, Chouteira, Pilocho, Antón Seoane, Alfolíes, Sandeep Das, Wu Tong.

Productor artístico de Riobó e Rústica (Cristina Pato, Davide Salvado, Roberto Comesaña e Anxo Pintos). En 2018 publícase Beiralúa, o último traballo da Orquestra Folk de Galicia SonDeSeu no que aparece a súa obra San Martiño, unha suite de 15 min. de duración. No 2019 tamén, asina a música do espectáculo de danza, Entresoños para a compañía de Fran Sieira.

A súa actividade escénica levouno a ser convidado polo virtuoso chinés do Sheng, Wu Tong, ata en catro ocasións entre o 2019 e 2020. Na cerimonia de clausura da Beijing EXPO 2019 diante do presidente Li, na cerimonia de clausura do Festival Internacional de Cine de Hainan, na gala da final mundial do Chinese Bridge do Instituto Confucio e no Spring Festival de Hothot en Inner Mongolia en xaneiro de 2020.

En 2019 funda xunto a Begoña Riobó o dúo PÄRBO que canaliza en boa medida a súa actividade escénica presente.

No eido da zanfona, foi precursor á hora de elaborar e sistematizar unha técnica que permitira abranguer a aprendizaxe e interpretación do repertorio tradicional galego. Froito deste traballo, é posible apreciar hoxe en día a influencia da súa laboura á hora de entender este instrumento en Galicia. Foi mestre de zanfona durante once anos no Departamento de Música Tradicional da Escola de Artes e Oficios Municipal de Vigo. Na actualidade é patrono da Fundación SondeSeu, e compatibiliza o seu labor na ETRAD (Escola Municipal de Música Folk e Tradicional de Vigo) como mestre de zanfona, sonorización e gravación, harmonización e arranxos, Aula Aberta de Zanfona e community manager, co da dirección da sección de zanfona da Orquestra Folk de Galicia "SonDeSeu".



# Brazil Love Affair

Brazil Love Affair fórmase no ano 2014 da mestura da Banda Doida e músicos da escea habitual das jam-sessions do Alma, con motivo dun evento centrado na cultura arte e folclore de Brasil. Naqueles intres Antón Galovart, Jonathan Motta, Joao Paulo e Alexandro Tales inician o que sería a única banda de Samba Funk Soul, bautizandoa como Brazil Love Affair nun guiño ao disco de George Duke.

Dende os seus comezos actúan en locais e eventos na cidade de Vigo coma Xancarajazz, La Fábrica de Chocolate, La Iguana ou Contrabajo, participando asiduamente en jam-sessions no Galo do Vento ou Ferrynhas.

A banda pasa por diversos cambios de formación para finalmente consolidarse en festivais coma Bate Batuke, Oubeade, Minho Reggae ou Festival nun Local, coa súa alineación titular actual:

Joao Paulo (1985. Pancas, Brasil): cantante e guitarrista que pasa, entre outras, por formacións musicais coma Banda Doida, Só Matutos ou Winter Project. E con elas toca en festivais coma Son de Rúa, Millo Verde ou Festivaliño. Músico habitual da escea viguesa, colabora activamente con diversos grupos locais.

David González (1985. Vigo): gaiteiro dende ben novo por herdanza do seu avó Juan Gonzalez (Airiños do Parque de Castrelos), e baixista por influencias do seu pai, o cal lle leva a tocar en diversos grupos folk e festivais coma o Interceltique de Lorient, Ortigueira ou Revoltallo.

Roi Adrio (1985. Vigo): percusionista e batería, formado no C.S.M. de Vigo e no S.P.J. de Pontevedra. Dende o ano 2000 ven tocando con diferentes grupos coma Quemallou, Fuxan os Ventos, ou Tanxugueiras e actuando en festivais coma Celtic Connections, Pardiñas ou Comillas Folk.







# Caldo

Caldo son María Jorge (violín), Anaís Barbier (voz e pandeireta) e Pedro Fariñas (guitarra e gaita). Este grupo vigués aposta pola composición de temas propios ao tempo que fai unha revisión do patrimonio musical galego.

A súa proposta musical está baseada en melodías tradicionais galegas integradas en novos contextos sonoros, con pezas propias tinguidas de música europea e atlántica.

Lanzan o seu disco debut homónimo en 2019, que lles fai valedores do premio Martín Códax na categoría folk, e gañadores do concurso Fran Pérez Narf para grupos e artistas, promovido pola Deputación da Coruña.

Neste primeiro álbum, composto por temas orixinais, Caldo utiliza as pezas do repertorio de Moscoso como fío condutor do disco, gravado en directo, para manter a esencia e enerxía que desprenden nos seus concertos.

Tras a súa presentación na Sala Kominsky (Vigo), na que esgotaron entradas, viaxan a Sant Boi (Cataluña) ao Festival Rubrifolkum, onde comparten escenario con artistas como Mercedes Peón. Continúan presentando o seu traballo en salas de toda Galicia e en festivais como o Festival Eira (Mos), What Is Music 2019 (Frías-Burgos) ou Espazo Paralaia, dentro da programación do Festival do Mundo Celta de Ortigueira.

Actualmente Caldo traballa no seu segundo disco.



# Mauricio Caruso

Guitarrista, produtor musical e educador brasileiro afincado en Santiago de Compostela. De formación académica, se especializa en Composición e conducción na Universidade de São Paulo (ECA-USP).

Posúe unha vasta experiencia sobre os escenarios, acompañando nas súas xiras internacionais a numerosos artistas brasileiros coma Sandy, Aricia Mess, Lobão, Beatriz Rodarte, Dandara, Fernanda Porto, Mano Brown, Zalon Thompson, Lincoln Oliveti, ou Kiko Loureiro entre outros, con estilos que van dende o jazz, pop, ou rock ata o funk e a música popular brasileira.

Formou parte da banda Black Río, fusión de música brasileira e funk que actuou con artistas como Ed Mota, Sandra de Sá, e Seu Jorge, participando no FIFA Fan Fest en representación de Brasil na Copa do Mundo Sudáfrica (2010).

Caruso é integrante da banda Jota Erre como coprodutor e guitarrista. Teñen dous discos publicados: "Por Extenso" y "Binário", co que xiraron dous anos por Europa (Portugal, España, Inglaterra) e Estados Unidos (SXSW, Austin, 2016).







# Marta Roma

Marta Roma construye su propio camino artístico jugando con el violonchelo y la voz sin etiquetas estilísticas, traspasando barreras, improvisando, conociendo culturas y otras maneras de decir las cosas.

Ha viajado actuando, realizando talleres y masterclasses en países como México, Italia, Francia, Colombia, Cuba, Brasil, Japón, Filipinas, República Dominicana y EEUU, y ha colaborado con grandes artistas nacionales e internacionales como Susana Baca, Alejandro Sanz, Rosana, Jarabe de Palo, María Rodés, Alessio Arena, Magalí Sare, Guillem Roma, Silvia Pérez Cruz, A.R. Rahman, Gary Burton o Dream Theater, entre otros.

Tras licenciarse en Pedagogía del Instrumento (ESMUC, 2011), gana una beca para ir al Berklee College of Music (Boston), donde obtiene la diplomatura en Performance (2014) con profesores como Eugene Friesen y Mike Block.

Consigue también la beca y obtiene el máster (Summa Cum Laude) en Music Contemporary Performance en el prestigioso Berklee Global Jazz Instituto (2016), aprendiendo y actuando junto a Joe Lovano, John Patitucci, Danilo Perez o Terri Lyne Carrington...

Después de realizar unas prácticas pedagógicas en la fundación Fedujazz de la República Dominicana, vuelve a Cataluña donde se consolida como artista y pedagoga actuando en todo el país y sacando su primer álbum en solitario: Per sempre (Sulawesi Records, 2018). con música original y algunas versiones de sólo cello y voz.

Su proyecto más reciente es la creación de un concierto didáctico en el Auditori nacional de Barcelona como directora musical.



# Patrocinio



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CONCELLO  
DE VIGO



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

Facultade de Comunicación

Universidade de Vigo



CERVEZAS  
ALHAMBRA

TERRAS GAUDA

Vionca's  
Bake



CHOCO  
DE REDONDELA

Avega



# Contacto

---



**ASOCIACIÓN GALICIA FIDDLE**

CIF-G94084456



**Teléfonos de contacto**

652 620 005 / 610 907 015



**Email**

[info@galiciafiddle.com](mailto:info@galiciafiddle.com)



[instagram.com/galiciafiddle/](https://www.instagram.com/galiciafiddle/)



[facebook.com/galiciafiddle/](https://www.facebook.com/galiciafiddle/)



[www.galiciafiddle.com](http://www.galiciafiddle.com)